

tendrá abierta la junta de compensación; el impago dentro de dicho plazo determinará la misma actuación y recargo señalado en el párrafo anterior.

## TÍTULO V. EL RÉGIMEN JURÍDICO

### Artículo 41. Obligatoriedad y ejecutividad.

1.—Los presentes estatutos y las bases de actuación que los complementan, una vez aprobados e inscritos en el Registro de entidades urbanísticas colaboradoras, serán obligatorios para la Administración y los miembros de la junta.

2.—Los acuerdos de los órganos de gobierno obligan a todos los miembros, incluso a los no asistentes o disidentes. Serán inmediatamente ejecutivos y no se suspenderán por su impugnación, salvo los que precisen ulterior aprobación de la Administración o así lo acuerde el órgano que deba resolver el recurso.

### Artículo 42. Acciones y recursos.

1.—Para el ejercicio de acciones civiles o mercantiles o recursos contenciosos-administrativos por los miembros de la junta, será necesaria la previa formulación de los recursos administrativos aquí establecidos. No obstante, no podrán ser formuladas las impugnaciones por quienes hubiesen votado a favor del acuerdo, por sí o por representación.

2.—Los acuerdos del Consejo Rector podrán ser impugnados, en el plazo de un mes desde su notificación o conocimiento, ante el Pleno que deberá resolver en el plazo de tres meses, transcurrido el cual sin respuesta se entenderá desestimada la impugnación.

Contra los acuerdos del Pleno, expresos o por silencio, podrá formularse recurso de alzada ante el Ayuntamiento en el plazo de un mes desde su conocimiento, notificación o desestimación presunta por silencio. Los acuerdos no impugnados en plazo y forma tendrán carácter firme.

3.—Los miembros de la junta no podrán interponer interdictos posesorios ni acciones reivindicativas ordinarias o especiales contra los acuerdos de la junta en uso de sus facultades fiduciarias de disposición y de ocupación de los bienes, sin perjuicio del ejercicio de las acciones sobre reconocimiento y declaración de sus derechos.

## TÍTULO VI. LA DISOLUCIÓN DE LA JUNTA DE COMPENSACIÓN

### Artículo 43. Causas de disolución.

1.—La junta de compensación se disolverá por las siguientes causas:

- Por orden judicial o prescripción legal.
- Por el cumplimiento del objeto por el cual fue creada.

- En forma voluntaria, por acuerdo del Pleno, una vez cumplidos sus fines, adoptado por el voto del 70 por ciento de la totalidad de las cuotas de la junta de compensación.
- Por la transformación de la junta en sociedad civil o mercantil, exigiéndose el voto de la totalidad de los miembros de la junta y aprobación del órgano urbanístico actuante.
- Por resolución firme de la Administración sustituyendo el Sistema de compensación por otro de gestión pública en base a alguna de las causas legalmente establecidas.

2.—En todo caso, en los supuestos b), c) y d) para que la disolución de la junta de compensación se haga efectiva requerirá el acuerdo del órgano competente del Ayuntamiento de Sanxenxo a tal fin.

### Artículo 44. Liquidación.

Aprobada la disolución, cuando se extinga su personalidad jurídica, tendrá lugar la liquidación de la junta, en la forma siguiente:

- El Consejo Rector procederá a la liquidación, con observación de las instrucciones dictadas específicamente por el Pleno.
- El patrimonio que pueda existir en terrenos, derechos o metálico, se distribuirá entre sus miembros en proporción a su cuota de participación en la junta de compensación.

\* \* \*

## CAMBADOS

### E D I C T O

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 28.10.2004, acordou aprobar definitivamente a Ordenanza Xeral de Subvencións deste Concello de Cambados, na súa consecuencia, e en cumprimento do disposto polo artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, fáise público o seu texto íntegro que é do seguinte tenor literal:

### “ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNNS DO CONCELLO DE CAMBADOS”

#### TÍTULO I.—DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.—Objeto e principios xerais.—Constítúe o oxeto destas normas a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións municipais, no marco do réxime xurídico definido na Lei Xeral de Subvencións, aprobada por Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Enténdese por subvención toda disposición dineraaria realizada polo Concello de Cambados, a

favor de persoas públicas ou privadas e que cumpla os seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sin contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega este suxeita ó cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenrolar, ou a concurrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumplir as obrigas materiais e formais que así se estableceran.
- c) Que o proxecto, a acción, conducta ou situación financiada teña por obxeto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta Ordenanza:

- a) Os premios que se otorguen sen a previa solicitude do beneficiario.
- b) As subvencións previstas na Lei Orgánica 5/1985 do Régime Electoral Xeral.
- c) As subvencións reguladas na Lei Orgánica 3/1987 de Financiación dos Partidos Políticos.

As subvencións otorgaranse con carácter xeral baxo os principios de publicidad, concurrencia, transparencia, igualdade, non discriminación e obxetividade, e con pleno sometimento ó previsto na Lei 18/2003 Xeral de Subvencións.

Conforme ó artigo 8 de dita Lei, con cada Orzamento Xeral deberase adxuntar un Anexo que conteña o Plan estratéxico de subvencións para o ano en cuestión con detalle dos obxetivos e efectos que se pretendan coa sua aplicación, o plazo necesario para súa consecución, os costes previsibles e as suas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ó cumprimento dos obxetivos de estabilidade orzamentaria.

**Artigo 2.—Régime de concurrencia.**—As subvencións a que se refiren as presentes normas convocaranse en régime de concurrencia, requiriendo para a sua concesión a comparación, en un único procedemento, dunha eventual pluralidade de solicitudes entre si, deacordo cos criterios establecidos en estas normas e nas bases que, no seu caso, poideran rexir a convocatoria correspondente.

Cando por razón da natureza da actividade a subvencionar ou das características da persoa ou entidade que teña que executar aquela actividade non sexa posible promover a concurrencia pública, as subvencións outorgaranse mediante resolución ou acordo motivado do órgano competente para concedelas, no que se fará constar as razóns que xustifiquen a excepción da convocatoria no réxi-

me de concurrencia, así como a forma en que deberá de ser xustificada a aplicación dos fondos recibidos. En todo caso, tramitarase o correspondente expediente.

Exceptúanse asimesmo, as subvencións previstas nominativamente no orzamento municipal.

**Artigo 3.—Cuantía da subvención.**—As subvencións previstas nas correspondentes convocatorias estarán debidamente consignadas nos orzamentos municipais.

O importe das subvencións reguladas nas presentes normas, en ningún caso podrá ser de tal cuantía que, aisladamente o en concurrencia con subvencións ou axudas de outras AA.PP, ou de outros entes públicos ou privados, xa sexan nacionais ou internacionais, supere o orzamento do proxecto para o que se solicita.

As subvencións municipais destinaranse a financiar programas de actuacións que vaian a realizar as entidades ciudadanas sempre que coadxuven ou complementen as actividades de competencia municipal.

**Artigo 4.—Perceptores de subvencións.**—As entidades e colectivos ciudadáns que soliciten as subvencións a que se refiren estas normas, ademais de carecer de ánimo de lucro, deberán cumplir os requisitos esixidos na correspondente convocatoria.

Cando se trate de asociacións, deberán estar inscritas no Rexistre da Comunidade Autónoma, e no municipal de Asociacións vecinais do concello de Cambados.

**Artigo 5.—Dereitos e obligacións dos perceptores.**—A entidade ou colectivo perceptor da subvención terá dereito a recabar e obter en todo momento o apoio e colaboración da entidade local na realización da actividade ou proxecto que se subvaciona (permisos, autorizacións, licencias etc.).

Os perceptores da subvención están obligados a:

1. Acepta-la subvención. No caso de que isto non sexa posible deberán renunciar a ela expresamente e motivadamente, no prazo de quince días, contados a partires daquel na que recibiran notificación de concesión da subvención.
2. Realizar a actividade para a que foi concendida a subvención, axustándose ós términos do proxecto.
3. Acreditar ante iste Concello a realización da actividade e cumplir os requisitos e condicións que houberan determinado a concesión da axuda.
4. Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar os datos que se lle requiran.
5. Dar conta das modificacións que poidan surxir na realización do proxecto, xustificándola adequadamente.

6. Salvo previsión expresa contemplada nas bases reguladoras, os perceptores no subcontratarán os proxectos obxeto de ditas subvencións.

7. Comunicar, tan pronto como se conozca, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.

8. Xustificar adecuadamente a subvención na forma que se prevé en esta ordenanza.

9. Acreditar con anterioridade a dictarse a proposta de resolución de concesión que se está ó corrente no cumprimento das obligacións tributarias e da Seguridade Social.

10. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxeto das actuacións de comprobación e control.

## TITULO II.—PROCEDIMENTO

### CAPÍTULO I.—INICIACIÓN

Artigo 6.—Convocatoria.—Salvo nos supostos previstos no artigo 2, o procedemento iniciárase mediante convocatoria efectuada polo órgano competente para a súa resolución e publicada no Taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia.

No anuncio da convocatoria indicárase a lo menos:

- \* O obxeto e finalidade da subvención.
- \* Requisitos para solicitar a subvención.
- \* Lugar das oficinas municipais onde os interesados poidan obter as bases da convocatoria.
- \* Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

Artigo 7.—Bases da convocatoria.—Previamente á publicación da convocatoria, o órgano competente para a resolución do procedemento deberá aprobar as bases específicas que a rexirán.

O contenido mínimo das bases será o seguinte:

- a) Finalidade e obxeto da subvención.
- b) Aplicación orzamentaria.
- c) Requisitos que deberán reunir os posibles beneficiarios.
- d) Forma e prazo de presentación das solicitudes.
- e) Criterios obxetivos de concesión das subvencións e ponderación dos mesmos que permitan determinar a cuantía de cada subvención.
- f) Prazo e forma de xustificación tanto do cumprimento dos fines subvencionados como do emprego dos fondos.

g) Posibilidade de efectuar pagos anticipados e réxime de garantías para os mesmos.

### CAPÍTULO II.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Artigo 8.—Presentación de solicitudes e prazos.—As entidades e colectivos interesados deberán solicitar a subvención dentro do prazo que se señale na convocatoria, poidendose formalizar en impreso normalizado establecido ó efecto.

As solicitudes xunto coa documentación que se acompañe, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, e serán dirixidas á Alcaldía-Presidencia.

Artigo 9.— Documentación a presentar polas asociacións e outras entidades con personalidade xurídica: A documentación esixible será:

- Certificación expedida pola Secretaría Xeral do Concello na que se acredite a súa inscripción no Registro Municipal de Asociacións de interés vecinal.
- Memoria xustificativa da necesidade da subvención que se solicita.
- Proxecto concreto para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e os ingresos a realizar para a súa execución.
- Sistemas de seguimento e autoevaluación da ejecución do proxecto.
- Declaración responsable das subvencións recibidas de institucións públicas ou privadas para dito programa.
- Declaración do representante legal da entidade de non encontrarse inhabilitado para contratar coas AA.PP ou para obter subvencións das mesmas e de encontrarse facultado para actuar en nome da entidade.
- Certificación acreditativa de non ser deudor da Facenda Pública e de estar ó corrente de pago de todo tipo de obligacións coa Seguridade Social.
- Acreditación de estar ó corrente de pago de todo tipo de obligacións fiscais co Concello.
- Datos da entidade bancaria á que se deberá transferir o importe da subvención que poidera concederse.

Artigo 10.—Documentación a presentar polos colectivos ciudadáns:

- Proxecto concreto para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar para a súa execución.
- Sistemas de seguimento e autoevaluación da ejecución do proxecto.
- Datos personais do representante do colectivo (nombre e apellidos, NIF, domicilio, teléfono, etc.)

- Relación nominal coa sua aceptación expresa, das persoas que integran o proxecto.
- Declaración xurada do representante legal de non encontrarse inhabilitado para contratar coas AA.PP ou para obter subvención das mesmas e de encontrarse facultado para actuar no seu nome.
- Datos da entidade bancaria á que se deberá transferir o importe da subvención que poidera concederse.

**Artigo 11.—Subsanación de defectos da solicitude.**—Si o escrito de solicitude non reuniera os requisitos necesarios para a súa tramitación, se requerirá por escrito ó solicitante para que subsane os defectos observados no prazo máximo e improrrogable de 10 días, quedando apercibido que de non facelo así, se lle terá por desistido na súa petición e se archivarán as actuacións sen mais trámite, conforme ó previsto no artigo 71 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

### CAPÍTULO III.—TRAMITACIÓN

**Artigo 12.—Remision ó procedemento administrativo común.**—A tramitación das solicitudes, emisión dos informes que procedan, requerimentos, resolución, notificacións, recursos e cantos actos sexan precisos ata chegar á finalización do procedementos axustaranse ó preceptuado na Lei 30/1992 de 26 de novembro do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

**Artigo 13.—Comisións de valoración.**—Para a valoración dos proxectos poderanse constituir comisións de valoración, cuia composición e funcións detallaranse nas normas específicas da correspondente convocatoria.

### CAPÍTULO IV.—RESOLUCIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN

**Artigo 14.—Resolución.**—Será competente para resolver as solicitudes de subvención o órgano que o sexa para a disposición do gasto, sen perxuicio da delegación que poida efectuarse a favor da Xunta de Goberno Local. O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención será de tres meses contados a partir do día da conclusión do prazo establecido na convocatoria para presentalas e o silencio da Administración terá carácter desestimatorio.

O acordo de resolución da subvención será notificado á entidade solicitante. No caso de concesión, expresarase a contía da subvención, forma de pago, condicións nas que se otorga e os medios de control que, no seu caso se estableceran.

Non se concederá subvención algunha ata que non foran xustificadas adecuadamente subvencións anteriores.

**Artigo 15.—Pago da subvención.**—Con carácter previo á convocatoria da subvención ou á concesión directa da mesma, deberá efectuarse a aprobación do gasto. A resolución de concesión de subvención conllevará o compromiso do gasto correspondente.

O pago da subvención realizarase, previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu , nos termos establecidos nas bases reguladoras da subvención.

Producirase a pérdida do dereito ó cobro da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concurrencia de calquera das causas previstas no artigo 37 da LXS 38/2003.

Cando a natureza da subvención así o xustifique, poderanse realizar pagos a conta. Ditos abonos a conta poderán supor a realización de pagos fraccionados que responderán ó ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose pola cuantía equivalente á xustificación presentada.

Tamén poderanse realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. En todo caso, tales pagos anticipados terán como límite máximo o 80% do total do importe concedido. O acordo de anticipo deberá adoptarse polo mesmo órgano que otorgue a subvención e previa acreditación de:

- a) Que non ten subvención concedida en exercicios anteriores pendentes de xustificación.
- b) Que esta ó corrente das suas obligacións tributarias co Concello no momento en que se efectue o pago.

### TÍTULO III.—CONCESIÓN DIRECTA DAS SUBVENCIÓNS

**Artigo 16.—Concesión directa.**—As subvención contempladas no artigo 2, que quedan exceptuadas do réxime de concurrencia, formalizaranse previo convenio coa entidade beneficiaria nos que, obligatoriamente, estableceranse as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na LXS.

Os convenios contendrán como mínimo os seguintes extremos:

- a) Definición do obxeto da subvención, con indicación do carácter singular das mesmas, e as razóns que acreditan o interés público, social, económico ou humanitario e aquellas que dificultan a dificultade da sua convocatoria pública.
- b) Réxime xurídico aplicable.

- c) Beneficiarios e modalidades de axuda.
- d) Procedemento de concesión e réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras.

#### TÍTULO IV.—XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Artigo 17.—Obligación de xustificar.—As asociacións ou entidades perceptoras destas subvencións, deberán xustificar a aplicación dos fondos percibidos no prazo dun mes, con carácter xeral, aínda que por pedimento razoado e por escrito do solicitante, poderase prorrogar ata un máximo dun mes mais. Este prazo de xustificación comenzará a contar dende o día seguinte á comunicación da concesión da subvención.

Artigo 18.—Forma de acreditar a realización do proxecto.—A acreditación da realización do proxecto ou actividade subvencionada, efectuarase polos seguintes medios:

- a) Certificación, expedida polo perceptor de que foi cumplida a finalidade para a cal otorgouse a subvención, conforme ó proxecto presentado.
- b) Asimesmo, os perceptores da subvención deberán aportar unha conta xustificativa dos gastos realizados a que, salvo disposición expresa nas bases reguladoras, axustaranse ós seguintes requisitos:

\* Incluirán, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto o calqueira outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxeto da subvención.

\* Comprenderá unha declaración das actividades realizadas que houberan sido financiadas coa subvención e o seu coste, co desglose de cada un dos gastos nos que se houbera incurrido.

\* Para xustificar gastos xerais de obras, bens e servicios, aportaranse as correspondentes facturas. Os gastos de persoal, dietas, etc, xustificaranse a través das nóminas. E os restantes gastos subvencionables mediante facturas, o outros documentos de valor probatorio no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Artigo 19.—Requisitos que deben reunir as facturas.—Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente.

Deberán presentarse orixinais e fotocopias que serán dillixenciadas pola concellería xestora da subvención, devolvendo aqueles ó interesados na maior brevedade posible. Nas facturas deixarase constancia de que foron utilizadas como xustificantes da subvención percibida.

En todo caso, as facturas deberán de estar datadas no exercicio económico para o que se fora concedida a subvención.

#### TÍTULO V.—CONTROL DAS SUBVENCIÓNS

Artigo 20.—Réxime de reintegros, de infracciones e sancións e de control financeiro.—O réxime de reintegros, de infracciones e sancións e o de control financeiro da xustificación e aplicación dos fondos (control que exercerá a Intervención municipal), serán os establecidos nos Títulos IV, V Y VI da Lei 38/2003.

Cambados, a 2 de novembro de 2004.—A Alcaldeza Acctal., Rosa Oubiña Solla. 9433

\* \* \*

## VILAGARCÍA DE AROUSA

### E D I C T O

O Concello de Vilagarcía de Arousa, en sesión plenaria celebrada o día 21 de outubro de 2004 acordou o establecemento e a aprobación da modificación das Ordenanzas que seguidamente se relacionan:

- \* MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS E OUTROS SERVICIOS MUNICIPAIS.
- \* MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO.
- \* MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 3 REGULADORA DA TAXA DE ACTIVIDADES E INTALACIÓNS.
- \* MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DA TAXA DO CEMITERIO MUNICIPAL.
- \* MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 6 REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS.
- \* MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS.
- \* MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA E RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA OU TERREOS ADIXACENTES E ALMACENAXE DOS MESMOS E INMOVILIZACIÓN POR PROCEDEMENTOS MECÁNICOS, DENTRO DO TERMO MUNICIPAL, NOS CASOS QUE PROCEDA.
- \* MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.
- \* MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 12 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.
- \* MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS.
- \* MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 15 REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AGUA PORTABLE A DOMICILIO.
- \* MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 16 REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS EXISTENTES NOS MERCADOS DESTE CONCELLO.
- \* MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 20 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MERCADORÍAS, MATERIAIS, ENTULLOS, VALADOS, GRÚAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.
- \* MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 21 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN CON POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE FEIRA, ESPECTÁCULOS OU ATRACCIONES LOCALIZADAS EN TERREOS DE USO